

# Wakefield

Nathaniel Hawthorne

Tradución de L. C. Carballal



# Wakefield

**Nathaniel Hawthorne**

**Tradución de L. C. Carballal**

*O seguinte relato, considerado como un dos mellores de Hawthorne, presenta, cun caso especialmente rechamante, unha disquisición moral sobre o comportamento humano, a grande obsesión deste autor.*

Dunha vella revista ou xornal recordo unha historia, contada como verdade, dun home —chamémolo Wakefield— que se separou por un longo tempo de súa muller. O feito, así abstractamente declarado, non é moi infrecuente, nin debe —sen unha axeitada distinción de circunstancias— ser condenado por atravesado ou desatinado. Sexa como for, este, aínda que lonxe dos máis agravados, é seica o máis estraño caso en rexistro de delincuencia marital; e, ademais, un fenómeno tan notábel coma os que se poidan atopar na listaxe completa das rarezas humanas. O matrimonio vivía en Londres. O home, co pretexto de marchar nunha viaxe, hospedouse na rúa próxima á da súa propia casa, e alí, ignorado pola súa muller e amigos, e sen a sombra dunha razón para tal autodesterro, morou por riba de vinte anos. Durante ese período, ollou o seu fogar cada día, e adoito a abandonada señora Wakefield. E despois dun tan grande oco na súa felicidade matrimonial —cando a súa morte foi considerada certa, a súa facenda repartida, o seu nome despedido da memoria, e súa muller había longo, longo tempo que se resignara á súa viuvez outonal— entrou pola porta un serán, tranquilamente, coma tras unha ausencia dun día, e tornouse un esposo amoroso ata a morte.

Este bosquejo é todo o que lembro. Mais o incidente, aínda que da máis pura orixinalidade, sen precedentes, e que probabelmente nunca será repetido, é, coido, dos que atraen as xenerosas simpatías da humanidade. Sabemos, cada un de seu, que ningún de nós cometería unha tolemia semellante, con todo sentimos coma se algún outro puidese. Nas miñas propias reflexións, ao menos, repetiuse a miúdo, sempre coma emocionante marabilla, pero cunha sensación de que a historia debe ser verdadeira, e cun concepto do carácter do seu heroe. Sempre que un asunto afecta tan forzosamente a mente, o tempo está ben gasto por pensar nel. Se o lector prefire, faga el a súa propia meditación; mais se prefire divagar comigo a través dos vinte anos do desvarío de Wakefield, doulle a benvida; confiando que haberá un espírito penetrante e unha moral, aínda que fracasemos en encontralos, trazados pulcramente e condensados na sentenza final. O pensamento ten sempre a súa eficacia, e todo incidente rechamante a súa ensinanza.

Que clase de home era Wakefield? Somos libres para formar a nosa propia idea e chamala polo seu nome. Estaba agora no meridiano da vida; os seus afectos conxugais, nunca violentos, moderáranse nun sentimento calmo e habitual. De todos os maridos, quizais fose o máis constante, porque un certa preguiza gardara o seu corazón en repouso, onde queira que puidese situalo. Era intelectual, mais non de xeito activo. A súa mente ocupábase en longas e ociosas meditacións que acababan en ningún propósito ou non tiñan vigor para atinxilo. Os seus pensamentos eran raramente tan enerxéticos coma para plasmarse en palabras. A imaxinación, no significado propio do termo, non formaba parte dos talentos de Wakefield. Cun frío pero non depravado nin errático corazón, e unha mente nunca febril con pensamentos buliciosos, nin atordada coa orixinalidade, quen daría previsto que o noso amigo gañaría o dereito a un lugar principal entre os facedores de fazañas excéntricas? Se se lles preguntase aos seus coñecidos quen era en Londres o home máis seguro para non realizar cousa hoxe que debese ser lembrada mañá, pensarían en Wakefield. Só súa esposa da alma podería dubidar. Ela, sen ter analizado o seu carácter, era parcialmente consciente dun calado egoísmo que enferruxara o seu maxín inactivo; dunha peculiar sorte de vaidade, o seu máis incómodo atributo; dunha disposición para a astucia que raramente producía efectos máis positivos ca a garda de segredos nimios, apenas sen valor para revelárense; e, ao cabo, do que ela chamaba unha rareciña, por veces, no bo home. Esta última calidade é indefiníbel e seica non existente.

Imaxinémonos agora a Wakefield despedíndose de súa muller. É o crepúsculo dun serán de outubro. A súa equipaxe é un chaquetón griseiro, un chapeu forrado con hule, botas altas, un paraugas nunha man e un maletín na outra. Informou á señora Wakefield que ha coller o coche nocturno para o campo. Ela de grao debería preguntar pola duración da súa viaxe, o seu obxectivo, e a data probábel do seu regreso; porén, indulxente co seu inocente amor polo misterioso, interrógao só coa vista. El dille que non o espere de certo no coche de volta, nin se alarme se debe demorarse tres ou catro días; mais que, en todo caso conte con el para a cea do venres á noite. O propio Wakefield, sexa isto considerado, non ten sospeita do que lle vai pasar. El preséntalle as mans, ela estende as súas e recibe o bico de despedida no xeito rutineiro dun matrimonio de dez anos; e segue adiante o señor Wakefield, de mediana idade, case resolto a confundir a súa boa señora coa ausencia dunha semana enteira. Logo que a porta se pechou tras del, ela percibe que está parcialmente entreaberta e unha visión da face de seu marido, a través da abertura, sorríndolle e índose nun momento. Por un tempo este incidentiño é rexeitado sen un pensamento. Mais, moito tempo despois, cando ela leva máis anos como viúva ca como esposa, ese sorriso repítese, e pestanexa a través de todos os seus recordos da faciana de Wakefield. Nas súas moitas meditacións circunda o sorriso orixinal cunha multitude de fantasías que o fan estraño e terríbel: así, por exemplo, se o imaxina nun cadaleito, aquela mirada de despedida está xeada nas súas pálidas feizóns; ou, se soña con el no ceo, aínda o seu espírito bieito amosa un sorriso tranquilo e arteiro. Emporiso, polo seu interese, cando todos os demais o teñen dado por morto, ela ás veces dubida se é unha viúva.

Mais o noso asunto é co marido. Debemos apresurarnos detrás del pola rúa, antes de que perda a súa individualidade e se funda na grande masa da vida de Londres. Sería en van procuralo aí. Por tanto, sigámolo preto dos seus calcaños, ata que, logo dalgunhas voltas e rodeos superfluos, o atopamos confortabelmente instalado xunto ao lar dun pequeno apartamento, previamente reservado. Está na rúa veciña á da súa propia e na fin da súa viaxe. Custosamente pode confiar na súa boa fortuna por chegar a alí sen ser visto, lembrando que, por un anaco, foi demorado pola turba no mesmo foco dun farol aceso; e, outra volta, houbo pasos que parecían pisar tras dos seus, distintos das multitudinarias pisadas que o arrodeaban; e, logo, ouviu unha voz berrando ao lonxe e coidou que chamaba polo seu nome. Sen dúbida, unha ducia de entremetidos estiveran a

vixialo e a contarlle todo o asunto a súa muller. Pobre Wakefield! Pouco coñecedor es ti da túa propia insignificancia neste grande mundo! Ningún ollo mortal agás o meu seguíute. Vai tranquilamente á túa cama, parvo; e, pola mañá, se queres ser sabio, recóllete cara ao fogar da boa señora Wakefield e dille a verdade. Non te separes, sequera por unha semaniña, do teu lugar no seu casto corazón. Se ela fose darte, por un simple momento, por morto ou perdido, ou definitivamente separado dela, ti serías desditadamente consciente dun cambio na túa fiel esposa para sempre. É perigoso facer unha fenda nas afeizóns humanas; non porque se abre tanto ao longo e ao largo, senón porque tan rapidamente pecha de novo!

Case arrepentíndose do seu xogo ou como queira que poida ser nomeado, Wakefield déitase cedo, e espertando da súa primeira soneca, espalla adiante os brazos no largo e solitario espazo sobrance da desacostumada cama.

—Non —pensa, recollendo as roupas da cama sobre el—, non durmirei só outra noite.

Pola mañá alpeira máis cedo do adoito, e ponse a considerar que pretende facer en realidade. Tan relaxados e divagadores son os seus xeitos de pensar, que el deu este moi singular paso coa consciencia dun propósito, na verdade, mais sen ser quen de definilo abondo para a súa propia matinação. A vaguidade do proxecto e o esforzo convulsivo con que se lanza na súa execución, son igualmente características dun home de feble personalidade. Wakefield, con todo, examina as súas ideas tan minuciosamente como pode, e descúbrese curioso por coñecer o progreso dos asuntos no fogar: como súa exemplar esposa aturará a súa viúvez dunha semana; e, en resumo, como a esferiña de criaturas e circunstancias en que el era un obxecto central, estará afectada pola súa ausencia. Unha vaidade mórbida, por tanto, atópase moi preto do fondo do asunto. Mais, como atinxir os seus fins? Non, abofé, ficando pechado neste confortábel aloxamento, onde, aínda que durmiu e acordou na rúa veciña á do seu fogar, está efectivamente tan no estranxeiro coma se a dilixencia rodara con el para lonxe toda a noite. Non obstante, se reaparecese, o proxecto enteiro golpearía na súa cabeza. Os seus pobres miolos comezando a atrapallarse desesperadamente con este dilema, el por fin aventúrase fóra, parcialmente resolvendo cruzar o inicio da rúa, e botar unha rápida ollada cara ao seu domicilio abandonado. O hábito —pois é un home de hábitos— cólleo da man e guíao, totalmente sen se decatarse, á súa propia porta, onde, xusto no

momento crítico, é despertado polo rozamento do seu pé sobre o banzo. Wakefield! A onde vai?

Nese intre o seu destino estaba a xirar sobre o eixe. Imaxinando pouco o fado a que o condenaba o primeiro paso para atrás, apresúrase lonxe, sen alento por unha axitación ata entón nunca sentida, e apenas ousa volver a cabeza na esquina distante. É posíbel que ninguén o vise? A casa enteira —a decente señora Wakefield, a espelida serventa e o suxo mandadeiriño— non se alarmará e sairá, a través das rúas de Londres, en persecución do seu fuxitivo señor e amo? Milagrosa escapada! Reune coraxe para pararse e ollar para a casa, pero está perplexo cunha sensación de cambio no edificio familiar, tal como nos afecta a todos cando, após unha separación de meses ou anos, de novo vemos un outeiro ou lago, ou obra de arte, dos cales eramos vellos amigos. En casos normais, esta impresión indescribíbel é causada pola comparación e contraste entre as nosas imperfeitas lembranzas e a realidade. En Wakefield, a maxia dunha simple noite obrou unha transformación semellante, porque, nese breve período, se efectuou un grande cambio moral. Mais isto é un segredo para el. Antes de deixar o lugar, atrapa un lonxincuo e momentáneo albiscamento de súa muller, pasando a través da fiestra de en fronte, coa súa face volta para o inicio da rúa. O astuto badulaque chama aos seus pés compañeiros, asustado coa idea de que, entre un milleiro tal de átomos de mortalidade, os seus ollos puidesen detectalo. Ben contento está o seu corazón, aínda que o seu cerebro estea algo atordado, cando se atopa co lume de carbón do seu aloxamento.

Abonda para o comezo deste longo capricho. Após a concepción inicial e a excitación do temperamento zoupón do home para poñelo en práctica, todo o asunto desenvólvese nun curso natural. Podemos supoñelo, como o resultado dunha profunda deliberación, comprando unha nova perruca, de pelo avermellado, e escolmando diversas prendas do saco de roupa vella dun xudeu, nun estilo diferente do seu habitual traxe castaño. Está feito. Wakefield é outro home. O novo sistema está a ser agora establecido, un movemento retrógrado para o antigo sería case tan difícil coma o paso que o colocou na súa posición sen paralelo. Ademais, está a volverse teimudo por un amúo ocasionalmente episódico no seu xorne, e causado no presente pola sensación inadecuada que coida que se produciu no interior da señora Wakefield. Non retornará ata que ela non estea medio morta de medo. Ben, ela pasou dúas ou tres veces perante a súa vista, cada volta cun paso máis pesado, unhas meixelas pálidas, e máis ansiosa testa;

e na terceira semana da súa desaparición detecta un agoiro do mal entrando na casa, no xeito dun boticario. No día seguinte a aldraba está amortecida contra os sons. Pola caída da noite chega a carruaxe dun médico e deposita o seu moi emperrucado e solemne volume na porta de Wakefield, de onde emerxe, logo dunha visita dun cuarto de hora, seica o heraldo dun funeral. Querida muller! Irá morrer? Por esta vez, Wakefield é excitado cara a algo como unha enerxía de sentimento, mais aínda se mantén lonxe do leito da súa esposa, pretextando coa súa conciencia que ela non debe ser perturbada en tal conxuntura. Se algo máis o retén, non o sabe. No decurso dunhas poucas semanas ela gradualmente se recupera; a crise pasa; o seu corazón está triste, quizais, pero tranquilo; e, regrese cedo ou tarde, nunca estará febril por el de novo. Tales ideas tremulan por entre medio da mente de Wakefield, e fano indistintamente consciente de que un case infranqueábel abismo divide o seu apartamento alugado do seu antigo fogar. “Mais se está na seguinte rúa!” dise ás veces. Tolo! Está noutro mundo. Ata agora adiou o seu regreso dun día particular a outro; de aquí en adiante queda indeterminado o momento preciso. Mañá non... probabelmente a próxima semana... moi pronto. Pobre home! Os mortos teñen case tantas posibilidades de volver visitar os seus lares terrestres coma o autobanido Wakefield.

Puidera escribir un libro, no canto dun artigo dunha ducia de páxinas! Entón podería exemplificar como unha influencia fóra do noso control pon a súa forte man en cada acto que facemos, e tece as súas consecuencias nun férreo tecido de necesidade. Wakefield está enfeitizado. Debemos deixalo por dez anos máis ou menos, roldar arredor da súa casa, sen cruzar o limiar unha vez, e serlle fiel a súa esposa, con todo o afecto de que é capaz o seu corazón, en tanto el vai devagar marchándose no dela. Hai moito, debe remarcarse, que el perdeu a percepción da singularidade da súa conduta.

Agora unha escena! No medio do xentío dunha rúa de Londres distinguimos un home, xa entrado en idade, con poucas características para atraer a observadores descoidados, pero levando, no seu aspecto enteiro, a caligrafía dun fado non común, para os que teñen a destreza de lela. É magro; a súa fronte baixa e estreita está fondamente engurrada; os seus ollos, pequenos e apagados, por veces vagan arredor aprehensivamente, pero máis a miúdo parecen mirar adentro. Abaixa a cabeza e móvese cunha oblicuidade indescribíbel no xeito de andar, coma remiso a amosar a súa fronte enteira ao mundo. Míreo tempo abondo para ver o que describín, e recoñecerá que as

circunstancias, que a miúdo producen homes notábeis desde a obra ordinaria da natureza, produciron un deles aquí. A seguir, deixándoo achegarse ao furto pola beirarrúa, bote a ollada na dirección oposta, onde unha muller corpuda, no declive da vida, cun libro de oracións na man, diríxese á igrexa. Ten o plácido porte da viuvez establecida. As súas penas ou extinguíronse amodo ou fixéronse tan esenciais para o seu corazón, que serían cambiadas por alegría. Xusto cando o home fraco e a muller robusta están a cruzarse, ocorre un leve atranco e pon estas dúas figuras directamente en contacto. As súas mans tócanse; a presión da multitude forza o peito dela contra o ombro del; eles encóntranse, cara a cara, fitándose cada un nos ollos do outro. Após unha separación de dez anos, encóntrase deste xeito Wakefield con súa muller!

O xentío arremuíñaos lonxe e lévaos por separado. A viúva seria, recuperando o seu anterior paso, prosegue para a igrexa, mais detense no portal e lanza unha ollada perplexa ao longo da rúa. Pasa adentro, con todo, abrindo o seu libro de oracións mentres marcha. E o home! Cunha face tan furiosa ca o Londres atarefado e egoísta se detén a fitalo logo, apresúrase ao seu aloxamento, aferrolla a porta e tírase sobre a cama. Os sentimentos latentes de anos estoupan; a súa mente feble adquire unha breve enerxía das súas forzas; toda a estrañeza miserábel da súa vida revélaselle nunha ollada; e berra, pasionalmente: “Wakefield! Wakefield! Estás tolo!”

Quizais o estaba. A singularidade da súa situación debe telo así moldeado por si mesma, de xeito que, considerado a respecto dos seus semellantes e dos quefaceres da vida, non podía dicirse que posuía unha mente correcta. Ideara, ou mellor dito sucedera, separarse do mundo, desaparecer, renunciar ao seu lugar e privilexios entre os vivos, sen estar admitido entre os mortos. A vida dun ermitán non ten de ningún xeito paralelo coa súa. Estaba no bulicio da cidade, coma antano; mais a multitude pasaba rápida e non o vía; estaba, podemos dicir figuradamente, sempre cabo de súa esposa e da súa lareira, porén nunca podía sentir a calor dunha nin o afecto doutra. Foi o fado sen precedentes de Wakefield reter a súa cota orixinal de simpatías humanas, e estar aínda envolto nos intereses dos homes, en tanto perdera a súa recíproca influencia sobre eles. Sería unha especulación moi curiosa trazar o efecto de tales circunstancias no seu corazón e intelecto, separadamente e ao unísono. Porén, mudado como estaba, rara vez era consciente diso, xulgándose o mesmo home de sempre; chegaban de feito indicios



da verdade, mais só por momentos; e aínda continuaba a dicir: “Pronto regresarei”, sen reflexionar que estivera dicindo iso por vinte anos.

Coido, tamén, que estes vinte anos parecerían, en retrospectiva, apenas máis longos ca a semana á que Wakefield limitara ao primeiro a súa ausencia. Miraría o asunto como non máis ca un interludio no tema principal da súa vida. Cando, logo dun anaquiño máis, xulgar a vez de volver entrar no seu salón, súa muller aplaudiría de ledicia, en contemplando o maduro señor Wakefield. Vaites, que erro! Se puider o tempo esperar o final das nosas tolemias favoritas, seríamos homes xoves, todos nós, ata o día do xuízo final.

Un serán, no vixésimo ano des que desapareceu, Wakefield está a dar o seu paseo costumeiro cara á residencia que aínda chama de seu. É unha borrascosa noite de outono, con frecuentes chuvascos que tamborilan no pavimento, e marchan antes de que se poida abrir o paraugas. Deténdose preto da casa, Wakefield discerne, a través das ventás do salón do segundo andar, o brillo vermello e o trémulo e intermitente escintileo dun lume confortábel. No teito aparece unha sombra grotesca da boa señora Wakefield. A pucha, o nariz e o queixo, e o amplo van, forman unha caricatura admirábel, que baila, ademais, coa palpebrexante e afundinte laparada, case alegre de máis para a sombra dunha viúva idosa. Neste intre unha bategada proba a caer, e é conducida, con gusto descortés, enteira na face e o peito de Wakefield. El queda bastante penetrado pola friaxe outoniza. Quedará parado aí, mollado e tremendo, cando a súa propia lareira ten un bo lume para quecelo, e súa propia esposa correría para buscar a chaqueta gris e a roupa interior, que, sen dúbida, gardou coidadosamente no armario da súa alcoba? Non! Wakefield non está tan tolo. El sobe os chanzos, con pesadez! —polos vinte anos que engoumaron as súas pernas desde que os baixou—, mais non o sabe. Quédate, Wakefield! Irías ao único fogar que te queda? Daquela pasa para a túa tumba! A porta ábrese. Así que pasa adentro, temos unha ollada de despedida do seu rostro, e recoñecemos o sorriso arteiro, que fora o precursor da bromiña que desde entón está a xogar á costa da súa esposa. Como sen compaixón se mofou da pobre muller! Ben, que pase unha boa noite Wakefield!

Este suceso feliz —supondo que o fose— só podía ocorrer nun momento impremeditado. Non seguiremos o noso amigo alén do limiar. Deixounos alimento de

máis para o pensamento, unha parte do cal emprestará a súa sabedoría para unha ensinanza moral, e dar forma nunha imaxe. Entre a aparente confusión do noso mundo misterioso, os individuos están tan ben axeitados a un sistema, e os sistemas uns a outros e a un todo, que, pasando a un lado por un momento, un home expónse ao risco terríbel de perder o seu lugar para sempre. Como Wakefield, pode volverse, por así dicilo, o Paria do Universo.

**FIN**